

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de outubro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xullo de 2023, en relación coa licenza urbanística para transformación de leira rústica consistente na corta de arboleda, retirado de terra vexetal e recheo de fosas existentes resultantes da extracción con materiais externos en Buratai, Santa María de Bóveda (exp. 2023/P014/000095) (2024/G004/000095).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación definitiva do modelo xeral de estatutos e bases de actuación para o funcionamento das xuntas de compensación no Concello de Lugo coa adaptación á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de dous furgóns l2h2 para a brigada de vías e obras e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C004-000023.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2286237733305271177.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-10-2024

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 01/08/2024 ata o 31/07/2025 na contratación da prestación do servizo de xestión e atención ao público da Oficina Municipal de Turismo, das Salas Museísticas Municipais “Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Sala de Exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque” e o punto de Información Turística de Verán, exp. ref. 2023/C003/000016.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000031.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de funcionarios de carreira do concello de Lugo nas prazas de policía local, grupo C (subgrupo C1); escala básica, categoría de policía.

Tamén se acorda aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de delineante (servizo de arquitectura) pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (Ope 2021).

Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de delineante (servizo de enxeñería) pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (Ope 2021).

Así mesmo, acórdase a adscrición definitiva por motivos de saúde de unha trabaladora ao servizo de augas.

Tamén se acorda a adscrición definitiva por motivos de saúde dun traballador como ordenanza nos edificios administrativos.

Do mesmo xeito acórdase a adscrición definitiva por motivos de saúde dun traballador como ordenanza nos edificios administrativos.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica.